FEGABA
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
N. 1096-26
Fecha 01/07/2026
Dpto. SECRETARIA

CIRCULAR Nº 2

Inscrición de equipos · competicións autonómicas Sénior

TEMPORADA 2026 – 2027

DESTINO Delegacións Zonais, Clubs

ASUNTO Inscricións dos equipos participantes en competicións de ámbito autonómico Sénior

PRAZO LÍMITE DE INSCRICIÓN

29 de xullo de 2026 ás 13:00 h

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finaliza o vindeiro día 29 de xullo de 2026 ás 13:00 horas.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo deberán inscribirse vía intranet e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación:

Plataforma de inscrición: **fegaba.gesdeportiva.es/clubes**

- **Depósito inicial ou aval bancario:** xustificante do ingreso bancario a nome da FGB polo importe correspondente, ou aval bancario segundo o modelo axunto.
- **Cota de afiliación:** a inscrición domiciliarase a través de recibo bancario.

A data do 29 de xullo ás 13:00 h. é improrrogable para presentar esta documentación. Chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado, orixinándose unha vacante que será cuberta.

CONTÍAS POR CATEGORÍA

CATEGORÍA	C. AFILIACIÓN	DEPÓSITO / AVAL	DATA LÍMITE
Liga de 1ª Div. Autonómica Masc.	295,00 €	**2.900,00 €**	**29.07.26**
Liga de 2ª Div. Autonómica Masc.	235,00 €	**900,00 €**	**29.07.26**
Liga de 1ª Div. Autonómica Fem.	249,00 €	**625,00 €**	**29.07.26**

O Comité de Actividades da Federación Galega, na súa reunión, decidirá en base ás solicitudes de inscrición os equipos que participarán nas categorías de 1ª División Masculina, 2ª División Sénior Masculina e Liga 1ª División Autonómica Feminina.

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido desta circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia teñen dereito á inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas vacantes que se lle puideran dar.

Por outra banda, pedimos tamén a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía web, revisen e constaten as mesmas a través das respectivas Delegacións, dentro dos prazos establecidos e seguindo o indicado na presente circular, co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2026

Susana Fernández Fiuza
Directora Xeral · FGB